

O Concello de Ceredo-Cotobade vén de poñer en marcha os actos de homenaxe a Antonio Fraguas Fraguas, un dos seus fillos más ilustres, para renderlle a lembranza e posta en valor que unha persoa da súa traxectoria se merece con motivo do viséximo aniversario do seu pasamento.

Desde o Concello consideramos que o noso veciño da parroquia de Loureiro é unha das figuras más importantes da cultura galega do século XX e por iso cremos que a súa vida e obra deben poñerse en valor e recibir o maior recoñecemento posible entre toda a sociedade. Porén, durante o vindeiro ano e medio, ata novembro de 2019, artellaremos distintas iniciativas para que Don Antonio sinta o agarimo que a súa figura esperta no noso pobo e tamén para que a súa capacidade, talento e incansable actitude sexan coñecidos e recoñecidos.

### Jorge Cubela

Presidente da Xunta Xestora do Concello de Ceredo-Cotobade



  
Antonio Fraguas Fraguas

 XUNTA  
DE GALICIA



Antonio Fraguas Fraguas  
Vinte aniversario (1999-2019)

# Antonio Fraguas Fraguas

Vinte aniversario  
(1999-2019)



## Antonio Fraguas, do local ao universal

En 1963, tres membros da Real Academia Galega (Manuel Gómez, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego) propuxeron celebrar unha exaltación anual da “actividade intelectual galega”. A institución escolleu o 17 de maio como a mellor das datas posibles. Ese mesmo día e ano cumpríase un século da publicación de *Cantares*

Gallegos, de Rosalía de Castro, unha obra fundamental no rexurdido das culturas.

Todos os meses de maio, cando a primavera enche de vida o país, reivindicamos con orgullo unha produción literaria que nos identifica e que, á mesma vez, nos fai estar con singularidade no mundo.

O desenvolvemento dunha sociedade, ademais de polo progreso económico, mídese tamén polas súas arelas culturais. Por iso afirmamos que unha comunidade que recoñece e facilita o acceso á cultura é máis libre e está más preparada para afrontar o futuro.

Baixo estas premisas nace o proxecto "Antonio Fraguas, do local ao universal". O Concello de Ceredo-Cotobade ten a obriga e a honra de reivindicar a un dos

seus veciños más ilustres, un home que creu e traballou incansablemente por agrandar esa "célula de universalidade" que é Galicia: un país orgulloso de si e sempre aberto ao mundo. Tal e como en 1963 fixo a Real Academia instaurando o Día das Letras, dende aquí facemos un chamamento a manter vivo o legado dun dos grandes intelectuais galegos do século XX.



## Galicia como razón de ser

Antonio Fraguas Fraguas naceu, a finais do ano 1905, nas terras de Ceredo-Cotobade, concretamente en Insuela, na parroquia de Loureiro. Aquel neno viña ao mundo no seo dunha familia relativamente acomodada, que saía adiante polos recursos que seu pai enviaba dende o Brasil, onde traballaba de canteiro.

Sendo apenas un adolescente, seu pai pretende levalo canda toda a familia para terras brasileiras. Mais hai algo que torce aquel plan: un mestre que dá escola nunha parroquia próxima comproba que o rapaz está moi ben dotado para os estudos. Segundo os seus consellos, os Fraguas deciden quedar e facilitar a carreira académica do fillo, algo que supoñía un titánico esforzo para a inmensa maioría das familias da época.

O rapaz demostrou que todos aqueles traballos non eran en balde. Para iso, primeiro cursou o bacharelato en Pontevedra. Alí tivo como profesores a dúas figuras fundamentais do galeguismo político e cultural: Losada Diéguez e Daniel Castelao.

Rematados os estudos medios, parte cara Santiago de Compostela para principiar a carreira de Filosofía e Letras. Neste seu período de alumno universitario pasa a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, unha institución creada para estudar e divulgar o patrimonio cultural galego. Grazas a esa actividade investigadora coñecerá de primeira man e terá amizade con moitos dos principais intelectuais do momento: Xaquín Lorenzo, Otero Pedrayo, Castelao, Parga Pondal, Filgueira Valverde...

En 1933 aproba as oposicións ao Instituto da Estrada, onde consegue praza como catedrático de Xeografía e Historia. Entra na vida política local facendo campaña a prol do Estatuto de Autonomía e presentándose como candidato galeguista ao Concello da Estrada.

O golpe de estado de 1936 trunca a carreira profesional de Antonio Fraguas. Como represalia polo seu compromiso cultural e político, as novas autoridades expúlsano do sistema educativo. Para sobrevivir a esos tempos grises, pon a andar unha academia de ensino privado en Santiago. Alí traballará ata que en 1950 volve gañar unha praza de catedrático de ensino medio.

Pese ás adversidades, Fraguas prosegue as súas investigacións: participa en escavacións arqueolóxicas, recolle costumes e tradicións populares e escribe artigos e libros para divulgar os seus coñecementos. O seu traballo obtén o recoñecemento da Real Academia Galega, que o 19 de abril de 1951 o nomea académico numerario.



Todo o contrario. Céntrase en publicar ensaios sobre a literatura oral, as romaría e os santuarios, o entroido...e ata sobre a súa patria pequena (Aportacións ó Cancioneiro de Cotobade). Mais tamén se esforza en construír institucións fundamentais para a historia contemporánea do país como son o Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega ou a Academia Galega das Ciencias.

Fraguas finou en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 1999. Galicia despedíao consciente de que marchara un dos más grandes persoeiros do seu tempo: un intelectual bo e xeneroso que fixo súa a máxima de "Galicia, célula de universalidade"



Xubilado do ensino, non deixa a un lado o seu compromiso con Galicia.